

# Tradución e edición educativa non universitaria en Galicia

## *Translation and edition for non-university levels of education in Galicia*

**Liliana VALADO**

Universidade de Vigo  
Departamento de Tradución e Lingüística  
lilianavalado@uvigo.es

[Recibido, xaneiro 2008; aceptado, febreiro 2008]

### RESUMO

A autora analiza o sector galego da edición, afondando no papel tan relevante que desempeña a tradución editorial na conformación identitaria do libro galego en tanto que industria cultural. Centrémonos, xa que logo, nun ámbito temático, o libro de texto e a súa tradución cara ao galego, sen esquecermonos de realizar un percorrido sucinto por outras tipoloxías importantes ao longo da historia galega da tradución editorial, isto é, a literatura infantil e xuvenil. Ao fio do dito, a finalidade é demostrármonos que os modelos educativos analóxicos que resultan da tradución e mais da edición non universitaria responden aos mesmos parámetros de calidade ca os de autoría propia, sempre que se lles aplique o proceso de tradución axeitado.

**PALABRAS CHAVE:** Tradución editorial, edición, proceso de tradución, galego.

VALADO, Liliana. (2008): “Tradución e edición educativa non universitaria en Galicia”. *Madrygal (Madr.)*, 11: 113-123.

### RESUMEN

La autora analiza el sector gallego de la edición, afondando en el papel tan relevante que desempeña la traducción editorial en la conformación identitaria del “libro galego” en tanto que industria cultural. Nos centramos, por lo tanto, en un ámbito temático, el libro de texto no universitario y su traducción hacia gallego, sin olvidarnos de realizar un recorrido sucinto por otras tipologías importantes a lo largo de la historia gallega de la traducción editorial, es decir, la literatura infantil y juvenil. En esta línea, la finalidad es demostrar que los modelos educativos analógicos que resultan de la traducción y de la edición responden a los mismos parámetros de calidad que los de autoría propia, siempre que se les aplique el proceso de traducción adecuado.

**PALABRAS CLAVE:** Traducción editorial, edición, proceso de traducción, gallego.

VALADO, Liliana. (2008): “Traducción y edición educativa no universitaria en Galicia”. *Madrygal (Madr.)*, 11: 113-123.

### ABSTRACT

The author analyses the Galician business of edition, exploring the relevant position that translation symbolises as we affirm our identity concerning the so-called libro galego (“Galician book”) when referring it as an industry. Therefore we focus on the realm of the written textbooks for non-university education and their translation into Galician language, but we also study briefly some other types of written texts which are important for the History of translation in Galicia. For that reason, we aim at showing that those written materials for education which were translated and edited are characterized by the same quality level as those ones which are written by Galician authors, in case the accurate process of translation is included.

**KEY WORDS:** Editorial translation, edition, translation process, Galician.

VALADO, Liliana. (2008): "Translation and edition for non-university levels of education in Galicia". *Madrygal (Madr.)*, 11: 113-123.

**SUMARIO:** 1. Edición en Galicia na actualidade. 2. Evolución da edición de libro de texto non universitario en Galicia dende 1975. 3. Referencias bibliográficas.

## 1. EDICIÓN EN GALICIA

### NA ACTUALIDADE

Tal e como figura na páxina da Asociación Galega de Editores<sup>1</sup>, "a edición en lingua galega experimentou desde finais dos anos setenta un notable crecemento. Multiplicáronse o número de editoriais e a súa oferta achegou ao mercado en 2005 máis de 1.800 títulos.". Segundo os últimos datos tirados do *Anuario de estadísticas culturales 2007*<sup>2</sup> publicado polo Ministerio de Cultura, no 2006 en Galicia inscribíronse 2 879 libros no ISBN, cifra que supón un incremento de case o un por cento con respecto ao ano 2002 (1 934 títulos). Dese total de 2 879, os libros de creación propia ascenden a 1 805 títulos.

Se de porcentaxes falamos, a produción propia en Galicia representou pouco máis do dous por cento do total do Estado español.

Con todo, a publicación de tradución en Galicia é do dezaioito por cento, cifra nada desprezable se a comparamos co vinteoito por cento do total de títulos traducidos en todo o Estado.

Aínda que semella que estas estatísticas podan contradicir a cita que abre este artigo, aclaramos que non é así:

En 1975, editáronse apenas 68 títulos en galego e en 1980, a comezos do proceso autonómico, 187. Trinta anos despois, en 2005, publicáronse en

Galicia 2.770 títulos, dos que 1.826 títulos foron en galego, unha cantidade nada desprezable, que supón que en 2005 o cincuenta e catro por cento de toda a edición realizada no país o fose en galego. Mais non toda a edición en galego foi realizada en Galicia, xa que case un vinte por cento foi publicada por editoriais con sede social fóra do país, especialmente en Madrid e Barcelona (Bragado: 2008).

Noutras palabras, a edición en lingua galega no ano 2006 representou o setenta e dous por cento<sup>3</sup> (1 309 títulos) de toda a realizada en Galicia e todo semella indicar que no que levamos de ano<sup>4</sup> 2007 esta porcentaxe seguirá a crecer. Na mesma liña ca Bragado, apuntamos que esta se complementa coa edición realizada por editoriais emprazadas fóra das fronteiras galegas e que supón o vinteseite por cento restante.

Constatamos, xa que logo, que a edición en Galicia evoluciona progresivamente, aínda que das cifras consultadas tiramos a conclusión de que entre o 2002 e o 2006 o incremento do número de títulos supón menos do un por cento:

(...) podemos comprobar que en 2006 descendeu a edición en galego a 1.805 títulos, o que suporía un lixeiro decrecemento do un por cento, tendencia que semella afondarse no primeiro semestre de 2007 no que, a pesar da reforma curricular en marcha, se publicaron 991 títulos, un dezaseis por cento menos que no mesmo período do ano anterior. Porén, a edición realizada en Galicia aumentou en 2006 ata os 2.879 títulos. Datos que indicarían un estancamento do sector en galego nos últimos cinco anos, canto menos a nivel de títulos publicados, tendencia semellante ao conxunto do sector en España (Bragado: 2008).

Con todo, para entendermos o comportamento do sector editorial en galego na actualidade, cómpre que realicemos un percorrido sucinto pola industria editorial en Galicia dende 1980 até o momento presente para centrármonos a continuación na tradución e a publicación de texto educativo non universitario; en concreto, de ensinanza infantil, primaria e secundaria.

<sup>1</sup> En liña: <http://www.editoresgalegos.org/edicion/interior.php?txt=cifras&lg=gal>

<sup>2</sup> En liña: [http://www.mcu.es/estadisticas/docs/capitulos\\_graficos/AEC2007/c\\_libro14.pdf](http://www.mcu.es/estadisticas/docs/capitulos_graficos/AEC2007/c_libro14.pdf)

<sup>3</sup> Porcentaxe extraída dos datos publicados na páxina do ISBN: <http://www.mcu.es/cgi-brs/BasesHTML/isbn/BRSCGI?CMD=VERLST&BASE=ISBN&DOCS=1-15&CONF=AEISPA.cnf&OPDEF=AND&SEPARADOR=&WDIS-C=DISPONIBLE&WGEN-C=&WISB-C=&WAUT-C=&WTIT-C=&WMAT-C=&WEDI-C=&WFEP-C=2006&@T353-GE=&@T353-LE=&WSER-C=&WLUG-C=Galicia&WLEN-C=galego&WCLA-C=&WSOP-C=>

<sup>4</sup> Só contamos polo momento con datos parciais extraídos de <http://www.mcu.es/panoramicae/verDistribucionGeograficaTrimestral.do?&layout=distribucionGeograficaTrimestral&cache=init&language=es>.

## 2. EVOLUCIÓN DA EDICIÓN DE LIBRO DE TEXTO NON UNIVERSITARIO EN GALICIA DENDE 1975

### 2.1 Tese

Antes de afondar na tradución de texto educativo non universitario xustificamos a nosa escolla ao comprobarmos que o subsector dos libros de texto se sitúa no terceiro lugar por número de títulos publicados no 2006<sup>5</sup> no Estado, tras o de ciencias sociais e humanidades seguido da creación literaria. Reforzamos, amais, a importancia do estudo deste subsector ao detectarmos que dos 3.014'54 millóns de euros por vendas de libros no Estado, a maior cota de participación lle corresponde ao libro de texto cun vintecatro por cento respecto do total, seguida da literatura cun vinteun por cento:

Materias	Facturación millóns	%	Variación 2005/2006	Prezo medio
Literatura	637,49	21,1	1,4	10,33
Infantil / Xuvenil	353,53	10,7	14,8	7,83
Texto non universitario	736,43	24,4	5,4	15,21
CC. sociais / Humanidades	366,16	12,1	18,7	20,03

No tocante ás tipoloxías temáticas que se traducen en Galicia, este subsector apóiase na literatura infantil e xuvenil e mais no libro de texto; tal e como apunta Bragado, “máis do sesenta por cento das traducións son libros de texto e de literatura infantil, o que é coherente coas características xerais do noso sector, alicerzadas sobre esta edición de carácter paraescolar”. A este respecto —aínda que se arrede da tipoloxía que aquí estudamos—, o Informe DAFO (Debilidades, Amezas, Fortalezas, Oportunidades), incluído no *Informe sobre a tradución en Galicia* elaborado pola ATG confirmamos que “segue a dominar a tradución de literatura infantil, co cal se desaten- de o mercado dos adultos”.

En Galicia, segundo apunta a Asociación Galega de Editores (AGE) en *Os datos teimudos*<sup>6</sup>, a facturación de libro de texto non universitario ascendeu a 13.300.000 euros, por diante das vendas de literatura infantil e xuvenil que sumaron 6.570.000 euros e de literatura para adultos con 3.800.000 euros.

En definitiva,

Introducimos o termo tradución editorial para designar as traducións que publican as empresas editoriais. Enfocamos as nosas análises non tanto cara á tradución literaria, senón cara á tradución non-literaria, en concreto a de libro de texto e o proceso de tradución do castelán ao galego que implica. Xustificamos a nosa elección ao comprobar que o volume de tradución de libro de texto é tan representativo ou máis ca o de literatura infantil e xuvenil. Consideramos que un estudo que analice a tradución cara ao galego desta tipoloxía de edición pode levarnos a describir o sector da edición e da tradución en Galicia (Valado: 2008).

Establecemos, xa que logo, que o elevado índice que existe de tradución castelán-galego con respecto ao texto educativo non universitario comporta unha necesidade industrial importante que en galego se materializa no alto número de editoriais que conflúen no mercado. Ao fio disto, presentamos algunhas das editoriais<sup>7</sup> que traballan con libro de texto non universitario publicado en galego:

1. Anaya Educación (Grupo Anaya, S.A.)
2. Anaya Infantil y Juvenil (Grupo Anaya, S.A.)
3. Baía, Edicións
4. Bruño, Grupo Editorial
5. Cáritas Española, Editores
6. Dinsic Publicacions Musicals, S.L.
7. Ecir, S.A.
8. Rodeira-Edebé, Grupo
9. El Aleph Editores (Grup Editorial 62, S.L.U.)
10. Empúries, Editorial (Grup Editorial 62, S.L.U.)
11. Everest Galicia, S.L.
12. Galaxia, Editorial
13. Luis Vives, Grupo Editorial
14. Obradoiro, S.A.
15. Pearson Educación, S.A.
16. Proyecto Sur de Ediciones, S.L.
17. Santillana Educación, S.L.
18. Serbal, S.A., Ediciones

<sup>5</sup> En liña: [http://www.federacioneditores.org/0\\_Resources/Documentos/Informe\\_Sector\\_editorial2006.pdf](http://www.federacioneditores.org/0_Resources/Documentos/Informe_Sector_editorial2006.pdf)

<sup>6</sup> [www.editorialgalegos.org/novas/noticia.php?id\\_nova=420&lg=gal](http://www.editorialgalegos.org/novas/noticia.php?id_nova=420&lg=gal)

<sup>7</sup> En liña:

<http://www.federacioneditores.org/Search/PDF/EDUCACION2005.pdf>

19. SM, Ediciones (Grupo SM)
20. Spes Editorial, S.L.
21. Teide, S.A., Editorial
22. Tambre, Editorial (Grupo Editorial Luis Vives)
23. Vicens Vives
24. Xerais de Galicia, Edicións
25. Xuntanza, Editorial, S.A

A diferenza principal entre elas radica en se se trata de selos galegos ou non, isto é, se se implantaron orixinariamente no territorio galego ou, de non ser este o caso, se cando menos posúen sede en Galicia.

Esta característica vainos levar a determinar en qué medida as políticas editoriais (lexislación, axudas económicas) determinan os usos da lingua (diglosia cultural do libro de texto traducido ao galego, ideoloxía da tradución), así como a diferenza e a posición ante o libro de texto de creación propia ou traducido ao galego. Neste último caso, non só nos referimos ao tratamento que suxerirá a empresa editorial encargada da súa publicación, senón tamén a cales son os factores que inflúen sobre esa toma de decisións.

Destas 25 empresas de edición de libro de texto en galego, pertencen á AGE: Baía Edicións, Grupo Edebé, Everest Galicia, Editorial Galaxia, Obradoiro, Tambre Editorial e Edicións Xerais de Galicia. Cómpre anunciarmos que Ediciones SM pertencente ao Grupo SM volve preparar a súa incorporación á Asociación.

Entre estas editoriais, atopamos que Rodeira, Everest Galicia, Obradoiro e Tambre están inseridas en grandes grupos editoriais de carácter estatal, isto é, Grupo Edebé, Editorial Everest, Santillana Educación e Grupo Editorial Luis Vives, respectivamente. Con todo, teñen sede social en Galicia, aínda que nas súas orixes se fundasen fóra das fronteiras galegas; en concreto, o Grupo Edebé en Barcelona, a Editorial Everest en León, Santillana Educación e o Grupo Editorial Luis Vives en Madrid.

Apuntamos que entre as editoriais —ou grupos editoriais que as engloban— integradas na AGE que publican libro de texto en galego forman parte da Asociación Nacional de Editores de Libros y Material de Enseñanza (ANELE)<sup>8</sup>: Edebé, Everest, Santillana e Xerais. Esta asociación<sup>9</sup> (1978):

Desde su fundación, tiene un carácter nacional y agrupa al 96% de los editores que publican en España libros y materiales destinados a la enseñanza reglada no universitaria, en cualquiera de las lenguas reconocidas por la Constitución como vehiculares de la educación.

Observamos, xa que logo, que a única editorial de selo galego asociada á ANELE é Edicións Xerais de Galicia.

Para visualizarmos estes datos do sector editorial que publica libro de texto en galego presentamos, na páxina seguinte, a relación das empresas privadas do sector con maior protagonismo.

É necesario que aclaremos que a listaxe amosada responde á relación de editoriais especializadas en libro de educación, ensinanza. Esta clasificación provén da clasificación renovada que a FGEE publica no tocante ás editoriais especializadas na oferta editorial mencionada. Así e todo, observamos que esta peneira realizada segundo a etiqueta “libro de educación, ensinanza” non coincide en sentido estrito coa que nós perseguimos neste artigo; noutras palabras, centramos estas páxinas nunha panorámica sobre a tradución e edición de libro de texto non universitario en galego. Non obstante, facemos que figuren estes datos, xa que resultan relevantes para obtermos unha visión máis ampla do sector. En consecuencia, podemos observar que certas editoriais, como a Editorial Galaxia, non están especializadas na tradución nin na publicación do material que nos atinxe. Galaxia, por exemplo, menciónase na fonte extraída da FGEE porque a etiqueta de “libro de educación, ensinanza” non só implica libro de texto, senón tamén dicionarios e enciclopedias.

## 2.2 LINGUA DO ENSINO EN GALICIA

No caso da empresa editorial galega, a produción de tradución en lingua galega en soporte libro desenvólvese de modo moi significativo ao longo das dúas últimas décadas. A normalización do galego como lingua do ensino e a súa progresiva presenza nos medios de comunicación favoreceron o aumento da demanda de libros e a activación do mercado editorial (Luna: 2008).

A instauración da lingua galega como a restauración dun estado democrático entre 1975 e 1980 trou-

<sup>8</sup> <http://www.anele.org/Info/Editoriales.aspx>

<sup>9</sup> <http://www.anele.org/>

Cadro 1: Editoriais de edición educativa en galego<sup>10</sup>

EDITORAS ESPECIALIZADAS EN LIBRO DE EDUCACIÓN, ENSINANZA EN GALEGO	ASOCIADA Á AGE	ASOCIADA Á ANELE	SELO GALEGO	SEDE EN GALICIA
Anaya Educación	Non	Si (Grupo Anaya)	Non	Non
Anaya Infantil y Juvenil	Non	Si (Grupo Anaya)	Non	Non
Baía, Edicións	Si	Non	Si	Si
Bruño, Grupo Editorial	Non	Si	Non	Non
Cáritas Española, Editores	Non	Non	Non	Non
Dinsic Publicacions Musicals, S.L.	Non	Non	Non	Non
Ecir, S.A	Non	Si	Non	Non
Edebé, Grupo	Si	Si	Non	Si (Rodeira)
El Aleph Editores	Non	Non	Non	Non
Empúries, Editorial	Non	Non	Non	Non
Everest Galicia	Si	Si	Si	Si
Galaxia, Editorial	Si	Non	Si	Si
Luis Vives, Grupo Editorial	Si	Non	Non	Si (Edicións Tambre)
Obradoiro, S.A.	Si	Si (Santillana Educación)	Si	Si
Pearson Educación, S.A	Non	Si	Non	Non
Proyecto Sur de Ediciones, S.L.	Non	Non	Non	Non
Santillana Educación, S.L.	Non	Si	Non	Si (Edicións Obradoiro)
Serbal, S.A., Ediciones	Non	Non	Non	Non
SM, Ediciones	Non	Si	Non	Non
Spes Editorial, S.L.	Non	Non	Non	Non
Teide, S.A., Editorial	Non	Si	Non	Non
Tambre, Editorial	Si	Non	Si	Si
Vicens Vives	Non	Non	Non	Non
Xerais de Galicia, Edicións	Si	Si	Si	Si
Xuntanza, Editorial, S.A.	Non	Non	Si	Si

<sup>10</sup> Elaboración propia tras consultar o *Directorio de editoriais, 2005 Educación. Enseñanza*, a páxina da ANELE, a páxina da AGE, así como a do ISBN.

xo consigo o proceso de recuperación do galego como vehículo de comunicación e como obxecto de estudo nos diversos niveis do sistema educativo:

1980 supón a implicación da Administración no proceso de traducións, pois dunha banda precísanse os textos en galego para a propia Administración, cunha intención normalizadora, tamén se precisa poñer en galego unha programación televisiva e todo un material de ensino. Ligado a este último xorden unha serie de coleccións das distintas editoriais. Cómpre salientar que en 1979 se funda Edicións Xerais de Galicia, editorial que lle vai dar un pulo á promoción das traducións (Gracián: 2008).

Este comezo no camiño viña marcado por un sector editorial galego sen desenvolver e condicionado, entre outros motivos, polos baixos índices de lectura en galego, así como pola competencia en desigualdade de condicións ante a consolidada industria da edición en castelán e que acentuaba a situación lingüística de diglosia entre estas dúas linguas de edición e de ensino.

Esta situación de diglosia foi consecuencia de que o galego estivo proscrito do marco educativo até datas recentes:

isto (...) foi decisivo na conformación dunha mentalidade diglósica no conxunto da poboación, dunhas relacións xerárquicas entre os idiomas galego e castelán, e, en consecuencia, dunhas prácticas lingüísticas nas que a lingua galega asumiu sempre un rol dependente e subordinado (Silva e Mouriño, 2003: 289).

Durante a ditadura franquista, o sistema educativo superpuxo a cultura e a lingua oficial do Estado a todas as demais; no noso caso, o galego:

Esta foi unha práctica sistemática e apenas cuestionada xa nos séculos XVIII e XIX, e continuou no século XX de maneira máis conflitiva, especialmente durante a ditadura franquista, na que a imposición do castelán se converteu en arma abertamente política (Silva e Mouriño, 2003: 290).

Tras a reforma educativa de 1970 e grazas á súa lei reguladora —a Lei xeral de educación— iniciouse un período de certa permisividade legal en materia lingüística. Como desenvolvemento desa lei, en 1975, aparece un decreto regulador no que se autoriza, con carácter experimental, o estudo das linguas propias como materia voluntaria nos centros de educación preescolar e educación xeral básica.

Tras a morte de Franco, como mencionamos, iníciase unha serie de cambios políticos que se consagrarán na Constitución de 1978. Ábrese, xa que logo, un novo período para a lingua galega e para a súa presenza escolar. E comeza a materializarse a reivindicación histórica do galeguismo político e cultural en cuestión de galeguización da escola.

O marco xurídico que perfila a presenza do galego no ensino —causa directa na edición e tradución de materiais educativos— concrétese en 1981 co Estatuto de Galicia que afirma o galego como a lingua propia de Galicia, así como a súa cooficialidade, xunto co castelán, no territorio galego. Ao mesmo tempo, o seu artigo vinteseite establece que a promoción e o ensino da lingua galega lle corresponden como competencia exclusiva á Comunidade Autónoma. Así mesmo, a Lei de normalización lingüística de Galicia (1983) afirma a obrigatoriedade do galego como materia escolar nos distintos niveis educativos non universitarios.

Aínda que a incorporación do galego como materia de ensino obrigatorio nos distintos niveis e modalidades do sistema educativo promoveu unha dinámica de elaboración de materiais didácticos que revolucionou en boa medida o mundo editorial, a finais da década dos oitenta a edición galega caracterizábase pola concentración da propiedade editorial coa entrada de grupos estranxeiros, a tendencia crecente ao bloqueo dos dereitos de tradución e unha dependencia intensa do libro de texto. Noutras palabras, a crecente presenza de editoriais de selo non galego en Galicia supuñan un reto para o sector editorial galego no relativo á edición de libro de texto.

Así e todo, tras a aprobación do Estatuto o cambio máis relevante nos materiais educativos tivo lugar en 1990 coa aprobación da Lei orgánica xeral do sistema educativo (LOXSE):

Neste informe referirémonos precisamente á evolución cuantitativa e cualitativa dos materiais para o ensino da lingua galega entre dúas datas moi significativas: a da aprobación do Estatuto de autonomía de Galicia e o cambio de século; pero, para podermos comprender as transformacións que se operaron nestes ao longo destas dúas décadas, cómpre facer referencia a un acontecemento educativo de máxima transcendencia: a aprobación en 1990 da Lei orgánica xeral do sistema educativo (LOXSE) (Silva e Mouriño, 2003: 292).

Aínda que esta cita fai referencia exclusiva ao ensino da lingua galega, botamos man dela porque consideramos que é extrapolable á evolución

que experimentaron os materiais educativos non universitarios en galego nas demais materias do sistema educativo e a posición que viña de tomar a tradución dentro do sector editorial galego:

Durante esta mesma década dos noventa, porén, produciuse a profesionalización da tradución para o galego, sobre todo a partir de 1991, co inicio da reforma educativa LOXSE e do decreto do uso do galego como lingua vehicular no ensino non universitario, que supuxo a tradución de numerosos manuais escolares das áreas de coñecemento do medio de primaria e de xeografía e historia, e ciencias da natureza en secundaria, amais dos selos galegos ou das delegacións de editoras radicadas fóra de Galicia (Bragado: 2008).

Nos últimos sete anos, é dicir, o período temporal comprendido dende o ano 2001 até o acabado de pasar 2007 asistimos a unha produción á alza neste tipo de materiais editoriais. De maneira máis acentuada a partir do Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia en setembro do 2004. O Plan establece como un dos obxectivos xerais conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e máis espazos de uso, e dálle prioridade á súa presenza en sectores estratéxicos. Establece que:

Para conseguir estes fins, cómpre afondar no desenvolvemento dos preceptos da Lei de normalización lingüística no tocante ao ensino, sen dúbida un sector fundamental para a implantación de hábitos lingüísticos en galego, e establecer unha nova regulamentación do galego que facilite o seu emprego de xeito progresivo e xeneralizado en todos os niveis e graos non universitarios (Xunta de Galicia, 2007).

A este respecto, o *Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo*, publicado no Dog, de 29 xuño de 2007, dispón no seu artigo 8.º que en educación primaria se impartirán obrigatoriamente en galego as áreas de matemáticas, coñecemento do medio natural, social e cultural e educación para a cidadanía e dereitos humanos. Así mesmo, para a educación secundaria obrigatoria impartiranse en galego as seguintes materias: ciencias da natureza, ciencias sociais, xeografía e

historia, matemáticas e educación para a cidadanía. Engade que cando a materia de ciencias da natureza se desdobre en bioloxía e xeoloxía, por un lado, e física e química, por outro, ambas as dúas materias impartiranse en galego. Para rematar, no bacharelato, o alumnado recibirá, polo menos, o cincuenta por cento da súa docencia en galego.

Este decreto que xa está implantado no actual curso 2007-2008 marca un cambio con respecto ao decreto 294/95 que establecía que, como mínimo, lingua e outras dúas materias obrigatorias debían ser impartidas no noso idioma.

Agora a Consellaría de Educación quixo adaptar o vello decreto ao Plan de normalización lingüística que o Parlamento aprobou en 2004 e o documento recomenda que, como mínimo, a metade das materias do ensino secundario sexan en galego. Até ese momento, a obriga era dun trinta e tres por cento.


### 2.3 LINGUA DA EDICIÓN EN GALICIA

A evolución da produción editorial sobre aspectos didácticos seguiu, polo tanto, un proceso de aumento progresivo nos últimos anos da década dos 80 (anos de deseño progresivo e experimentación da reforma) e, sobre todo, na primeira metade dos 90 (anos nos que se empezou a realizar a súa implantación xeneralizada), manténdose bastante estable nos últimos anos desa década. Esta evolución afectou á produción editorial global, non só á realizada en galego; pero a que utiliza ese idioma deu un salto cuantitativo notable: de 34 referencias en lingua galega sobre aspectos didácticos no inicio dese período, pasouse a 107 no ano 1986 e a 157 no 1990. O incremento continuou de xeito acelerado ata a segunda metade desta década (arredor de 450 publicacións nos anos 1996 e 1997), para recuar algo nos últimos anos (365 títulos no 2000) (Silva e Mourriño, 2003: 295).

Nos últimos sete anos, é dicir, o período temporal comprendido dende o ano 2001 até o acabado de pasar 2007<sup>11</sup>, a produción editorial de material infantil ascende a un total de 446 títulos, de ensinanza primaria publicáronse 1.186 e de secundaria figuran 1.228 no ISBN. A evolución experimentada a nivel cuantitativo pode observarse nas seguintes gráficas:

<sup>11</sup> Cómpre matizarmos que obtemos estas cifras da base de datos do ISBN. Con todo, ao tratarse de buscas por materias moi amplas, cabe a posibilidade de que aparezan rexistros que non se axustan de xeito estrito ao enfoque deste artigo. Por cuestións de espazo, deixaremos esta concreción para un artigo futuro máis en detalle.

Gráfica 1  
Evolución das publicacións por ano (2001-2007)<sup>12</sup>



Cadro 2  
Número de títulos publicados por ano (2001-2007)<sup>13</sup>

	E. infantil	E. primaria	E. secundaria
<b>2001</b>	42	141	137
<b>2002</b>	22	127	278
<b>2003</b>	47	89	299
<b>2004</b>	72	233	176
<b>2005</b>	85	194	71
<b>2006</b>	90	149	70
<b>2007</b>	90	253	197

Por número de títulos publicados, entre os anos 2001 e 2007 observamos unha produción que ascende progresivamente no tocante aos materiais para educación infantil. Non obstante, nas publicacións de primaria e secundaria houbo algunhas oscilacións: sorprenden, por exemplo, os picos de 2002 e 2003 en secundaria (con 278 publicacións e 299, respectivamente), nun contorno cronolóxico no que a media é máis baixa. Tamén cómpre que mencionemos a baixa produción dos anos 2005 e 2006 (con 71 publicacións e 70, respectivamente). Tal e como podemos ver no cadro 1, non deixa de chamarnos a atención que a presenza máis baixa de materiais educativos en lingua galega se dá no nivel infantil. No

polo oposto, multiplicando por tres a súa presenza na escena editorial (con respecto aos materiais de infantil), atopamos os niveis de primaria e secundaria.

#### 2.4 TRADUCIÓN E EDICIÓN EN GALICIA

Con todo, debería facernos reflexionar a dependencia cultural que supón termos que traducir unha porcentaxe do 72% do libro de texto dende un orixinal español, que se está a introducir no currículo oculto das nenas e nenos galegos. Un currículo que de maneira consciente e manipuladora achega valores e contidos alleos á nosa cultura que contribúen a desprestixiar en certa medida o concepto que temos (e que queren que teñamos) de nós mesmos (Luna: 2008).

Cunha sinxela mirada de esguello ás programacións infantís da TVG, podemos asistir ao feito de que a inmensa maioría dos debuxos animados que recibimos son de procedencia allea á galega. No libro de texto educativo non universitario dáse unha situación parella. Luna que entreabre este apartado convidanos a reflexionar sobre a situación preocupante que supón que o sistema editorial galego produce máis tradución, produción allea, ca texto propio, produción propia.

O acento de exclamación non o colocamos sobre a tradución en tanto que texto traducido ou adaptado dende o castelán, senón sobre esa falta de autonomía que leva a non enriquecer un sector editorial á hora de editar produtos sen selo galego

<sup>12</sup> Elaboración propia tras consultar a base de datos do ISBN.

<sup>13</sup> Elaboración propia tras consultar a base de datos do ISBN.



de seu. Consideramos, amais, que unha maior produción didáctica en galego resulta de máxima relevancia non só para a normalización das nosas lingua, cultura e identidades propias, senón tamén dende o punto de vista económico. Trátase, xa que logo, dunha cuestión pola que facemos un chamamento á Administración e ás empresas editoriais para que sumen esforzos en coordinar iniciativas que favorezan a diminución desta carencia de modelos propios creados en galego e en Galicia. Tamén cumpriría dedicar os mesmos esforzos a importar e dar a coñecer toda unha serie de produtos absolutamente necesarios para o noso enriquecemento e normalización culturais.

Ao fio do dito, insistimos en que non avaliamos negativamente a calidade desas traducións educativas, xa que, amais de non ser o interese que perseguimos neste breve escrito, non posuímos de espazo abondo para realizarmos unha análise comparada que avalíe e tire conclusións sobre a calidade da produción editorial educativa de autoría propia ou de produción allea.

Ao mesmo tempo, consideramos que un elevado índice de tradución de calidade en galego pode enriquecer o cómputo de rexistros da nosa lingua, aínda tamén somos conscientes de que hai voces contrarias a esta valoración. Non é así a postura das propostas que apoiamos unha realidade que incrementa non só a práctica da tradución, senón tamén e de xeito irrenunciábel a súa calidade. Nesta liña apuntan as verbas de Luna:


De maneira moi resumida, poderíamos dicir que dende un enfoque meramente lingüístico, os traballos que describen e comparan linguas obxecto de tradución entre as que se atope a lingua galega, son moi rendibles para a creación de ferramentas (de tipo terminolóxico, etc.) de especial interese para a aplicación profesional como para a didáctica, e cobren carencias que normalmente non condicionan o transvasamento entre linguas plenamente normalizadas (Luna: 2008).

Retomando o cadro 1 (vid. pág. 115), o mundo editorial en galego preséntanos non só fragmentado, senón tamén descompensado, minifundista como o país que temos: na táboa recóllense 25 empresas editoriais, pero só 7 delas pertencen á AGE. No tocante á edición no pasado ano 2007, o espazo estivo ocupado fundamentalmente por menos de media ducia de empresas: Anaya, Baía,

Everest, Obradoiro, Rodeira, SM, Tambre, Vicens-Vives e Xerais son as responsables de maior parte dos títulos destinados á ensinanza infantil, primaria e secundaria en galego. Aínda que tamén comezan a tomar máis presenza outras editoras foráneas como Editex, Penta e Teide. As editoriais de capital galego tiveron unha presenza cuantitativamente menor.

De xeito moi descritivo, imos amosar os datos de creación e de tradución de libro de texto en galego nunha empresa de capital galego, Edicións Xerais de Galicia, e noutra pertencente a un grupo editorial de carácter estatal, Ediciones SM, durante o ano 2007. Aínda que sabemos que este período temporal non é representativo abondo para emitir valoracións sobre o conxunto do sector da edición, xulgámolo significativo para tirar certas conclusións finais:

Gráfica 2  
Títulos educativos traducidos e creados en galego (2007)<sup>14</sup>



Aínda que nesta gráfica amosamos exclusivamente os datos cuantitativos referentes á tradución e a creación nas dúas editoras mencionadas, cómpre que maticemos de xeito sucinto o comportamento diferenciado dos produtos editoriais en función do posicionamento no sector en tanto que empresas de edición que conflúen no mercado de libro de texto educativo en galego.

Edicións Xerais de Galicia<sup>15</sup> é unha editorial de selo galego dende a súa fundación cuxo di-

<sup>14</sup> Elaboración propia tras consultar a base de datos do ISBN.

<sup>15</sup> <http://www.xerais.es/cgi-bin/index.pl>

reitor é Manuel Bragado Rodríguez. Estableceuse en 1979, na cidade de Vigo e dedícase á edición de libros en lingua galega. Trátase dunha empresa de vontade educativa e carácter xeralista que está especializada na edición de libros de texto en galego dende 1980. No 2007, publicou un total de 152 títulos. Na actualidade, esta editora segue a formar parte do Grupo Anaya. Por outra parte, Ediciones SM<sup>16</sup>, pertencente ao Grupo SM, é unha empresa editorial española con presenza internacional cuxo padroado está presidido por Ramón Iceta Olaizola. SM (Sociedade de María) comezou sendo unha sociedade de profesores marianistas creada en Vitoria; posteriormente trasladou a súa imprenta e mais a distribución, así como os seus locais a Madrid, onde actualmente permanece a súa sede social. Destaca pola súa industria do libro de texto e no 2007 contou con 716 títulos no mercado. As súas linguas de publicación no Estado para o libro de texto, amais do galego, son castelán, catalán, éuscaro e valenciano.

O tratamento, xa que logo, dos libros traducidos e creados en Edicións Xerais de Galicia, unha empresa galega que só edita libro de texto nesa lingua, fronte a Ediciones SM, unha editora pertencente a un gran grupo de edición estatal que publica en paralelo en máis linguas do Estado, preséntasenos de antemán diferenciada no tocante ao volume de produción por ano. Isto vai determinar que as súas políticas editoriais se conformen en función non só da calidade dese produto final, senón tamén dos prazos do proceso de edición que virán marcados polos seus correspondentes planos editoriais. Nesta liña e de maneira irrenunciable, a tradución en tanto que proceso vai responder a parámetros temporais e criterios de calidade diferenciados dependendo da empresa que inicie ese proceso.

Como xa mencionamos, a dependencia da edición en galego das tipoloxías de edición paraescolar

vén demostrarse nestas cifras, isto é, dos 145 títulos en galego publicados en total por Edicións Xerais de Galicia no ano 2007, 32 son do ámbito do ensino de infantil, primaria e secundaria. A porcentaxe de tradución no caso da editorial de selo galego é do vinte e un por cento, cifra cuantitativamente inferior ao comportamento que observamos en Ediciones SM, cuxa edición traducida para o ensino galego ascende a case un oitenta e un por cento do total dos títulos educativos producidos no 2007. Noutras palabras, dos 78 títulos que Ediciones SM publicou no 2007, 63 deles foron obxecto de tradución castelán-galego; isto, por outra parte, supón que, segundo os datos que extraemos do ISBN, Ediciones SM é responsable de traducir case un noventa e nove por cento dos títulos que edita en lingua galega, xa que o total dos títulos no ano 2007 ascendeu a 79, mentres que o total das tipoloxías textuais aquí analizadas foi de 78. En palabras de Bragado:

A dependencia da edición en galego das tipoloxías de edición paraescolar, amósase, sobre todo, na produción por exemplares (os editores sabemos que na tirada que realizamos está o termómetro do mercado). Así, en 2005 a literatura infantil e o libro de texto supuxeron case o 61% da tirada e o 68% das vendas, datos importantísimos para entender as características da nosa edición e, como logo comprobaremos, do subsector da tradución

(Bragado: 2008)

Extraemos, xa que logo, que entre a tipoloxía temática das obras, o libro de texto e a literatura infantil elévase ao sesenta por cento das traducións ao galego, o que é coherente coas características xerais do sector editorial, alicerzadas sobre esta edición de carácter paraescolar.

Neste senso, dado que a tradución galega depende en alta medida desta tipoloxía textual, detectamos unha carencia cuantitativa con respecto a outros tipos de edición como a tradución

Cadro 3  
Títulos educativos publicados por nivel de ensinanza (2007)<sup>17</sup>

	E. infantil (tr.)	E. primaria (tr.)	E. secundaria (tr.)	E. infantil	E. primaria	E. secundaria
<b>Edicións Xerais de Galicia</b>		7	3	1	21	
<b>Ediciones SM</b>	14	26	23	2	12	1

<sup>16</sup> <http://www.grupo-sm.com/>

<sup>17</sup> Elaboración propia tras consultar a base de datos do ISBN.

ensaística e divulgativa. En consecuencia, o condicionante da edición paraescolar vén explicar que o castelán sexa a lingua máis traducida e denota, por outra parte, que “a porcentaxe de obras traducidas non acade os estándares doutros sistemas editoriais próximos”, así como a ausencia dunha maior diversidade de linguas de orixe.

Neste sentido, se volvemos botarlle unha ollada ao cadro 3, amósasenos que a oferta editorial traducida para infantil e primaria supera a oferta de modelos propios na nosa lingua. De xeito moi resumido, cómpre reflexionarmos sobre que os primeiros modelos educativos respecto da realidade que recibirá o alumnado en galego terán unha procedencia allea.

Debido, precisamente, ao marco profesional no que se encadra a tradución editorial en Galicia e en galego, coincidimos con Luna en que:

A clasificación “tradicional” das tipoloxías textuais, literario e técnico, ten moita relación co ámbito da didáctica da tradución e non tanto co

ámbito profesional. (...) No espazo didáctico da tradución escrita é máis frecuente atopar a distinción por materias ca por un campo de actividade; porén, esa diferenciación, que ten o seu rendemento no ámbito académico, é completamente arbitraria e parcial no espazo profesional (aínda que estea vinculada a unha diferenciación socioprofesional de tipo económico), todos os textos que se traducen esixan un traballo de documentación, terminoloxía e estilo propio. A tradución literaria non é obxecto de demanda das empresas, mais a tradución técnica pode ser obxecto de demanda dunha editorial (Luna: 2008).

Ao fío disto, apoiamos unha didáctica da tradución en galego máis próxima á realidade profesional que o sector editorial demanda. A estes efectos, a realización de estudos de mercado sobre os volumes de tradución en galego pódenos axudar a levar ás aulas unha simulación do que sucede no mercado ao que calquera profesional da tradución editorial se pode enfrontar á hora de traballar co galego.

### 3. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

ATG (2006): *Informe sobre a tradución en Galicia*.

[http://www.tradutoresgalegos.org/index.php?option=com\\_content&task=view&id=14&Itemid=6](http://www.tradutoresgalegos.org/index.php?option=com_content&task=view&id=14&Itemid=6).

BRAGADO, Manuel (2008): “Edición e tradución en Galicia. Panorámica dende o sector editorial privado”, VALADO, Liliana (ed.): *A tradución editorial en Galicia. Tradución editorial: calidade e xestión de proxectos*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia/Xunta de Galicia.

GRACIÁN, Ánxela (2008): “Literatura editada versus literatura traducida. Presenzas, eivas, baleiros e ausencias”. *A tradución editorial en Galicia. Tradución editorial: calidade e xestión de proxectos*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia/Xunta de Galicia.

LUNA, Ana (2008): “Perspectivas de investigación en tradución editorial”. *A tradución editorial en Galicia. Tradución editorial: calidade e xestión de proxectos*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia/Xunta de Galicia.

SILVA, Bieito e MOURIÑO, Xabier (2003): “Os materiais para o ensino e a aprendizaxe da lingua galega”. *O proceso de normalización do idioma galego (1980-2000)*, v. III. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, pp. 289-332.

VALADO, Liliana (2008): “Algunhas notas sobre a produción de textos traducidos en Galicia”. *A tradución editorial en Galicia. Tradución editorial: calidade e xestión de proxectos*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia/Xunta de Galicia.

— (ed.) (2008): *A tradución editorial en Galicia. Tradución editorial: calidade e xestión de proxectos*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia/Xunta de Galicia.